



O BARCO
DE VAPOR

O detective de Nullarbor

Antonio Yáñez Casal

Ilustraciones
de Dani Padrón



smxerme



Edición executiva: Gabriel Brandariz
Coordinación editorial: Xohana Bastida
Coordinación gráfica: Lara Peces

© do texto: Antonio Yáñez Casal, 2015
© das ilustracións: Dani Padrón, 2015
© Xerme Edicións, 2015
Rúa Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE

Tel.: 902 121 323 / 912 080 403
e-mail: clientes@grupo-sm.com

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*A Alejandro Vázquez Morini,
in memoriam.*

● O QUE QUERO CONTAR

O QUE QUERO CONTAR empezou unha mañá, tanto ten se era de xaneiro ou se era de abril, porque á historia iso non lle afecta, pero era de xaneiro. Unha fría mañá de xaneiro, desas que din que estamos no inverno. Ás nove cheguei á oficina, atarecado, e aínda non acendera o ordenador cando soou o teléfono.

–Don Etelvino Chouteiro?

–Si, son eu –dixen.

–Bo día. Chámoo da Embaixada de Australia.

Ao escoitar o nome «Australia», o meu corazón empezou a latexar a toda velocidade. Australia...! Ah...! Canto botaba en falta Australia! Non volvera dende que viñera a Europa a iniciar os estudos de detective, mais non había día en que non pensase en Australia. Qué fermosa é Australia. E qué grande. É enorme. Poderías andar a saltos toda a vida, que non percorrerías nin a metade. En ferrados non sei cantos dará,

pero é tan grande que levas para alí países nunha carretilla e non a ves chea. Con ese tamaño, non é estraño que teña de todo: serras, lagos, ríos, cidades, bosques e ata desertos. Pero non desertos pataqueiros, ca!; desertos de centos de quilómetros que parece que non acaban nunca, con area para regalar.


Tanto empezou a voar a miña mente pensando en Australia que case lle perdo o fío á conversa e deixo o home falando só ao outro lado do teléfono. Foi ao escoitar que o noso país estaba a sufrir unha traxedia cando todos os meus sentidos se puxeron en alerta.

–E cal é ese problema tan espiñento? –preguntei.

Aí empezou a rascar a gorxa e a tatexar, coma se non estivese seguro do que tiña que dicir. Normal. A min tamén me pasaría. Porque non era fácil falalo sen un pensar que era unha broma. Ao final, soltouno:

–O problema é que os nenos non poden durmir.

Durante un bo anaco non souben que dicir e ocorréuseme preguntarlle por que non os levaban ao pediatra, pero decontado me decatei de que esa idea xa lles pasaría pola cabeza. De



todos os xeitos, el imaxinou os meus pensamentos e adiantouse.

–Como pode supoñer –dixo–, non se trata dun problema de falta de sono, de modo que non é cousa de médicos. O que sucede é que non poden durmir porque non lles podemos contar contos.

Xa digo que aquilo non veu dar nunha broma, pero ter, tiña toda a pinta.

–Perdoe que non acabe a conversa por teléfono –continuou o home–. Se lle interesa este caso, con moito gusto lle explico en persoa todo canto necesita saber.

A intriga roíame na barriga e esa é a sensación que teño cando un caso me interesa. Como non me ía interesar. Un reto así non xorde todos os días. O tempo que o pensei non chegou a medio segundo. Díxenlle que si, quedamos para unha hora máis tarde na embaixada e, despois de pedirme que non o fose pregoando, colgou. Vaia, non o dixo desa maneira; o que fixo foi pedirme discreción, que é menos vulgar pero é o mesmo.

● O DE IR A UNHA EMBAIXADA

O DE IR A UNHA EMBAIXADA soa aí moi rimbombante, mais non che é nada do outro mundo. Adoitan estar en edificios espazosos, si, algún moi antigo e requintado, tamén; agora ben, non deixan de ser unhas oficinas. E por riba, esta de Australia está nun edificio coma calquera outro. Conque alá fun, sen outra cousiña na cabeza que aquel enigma.

Na porta xa sabían da miña chegada. Despois de asinar no libro de entradas e saídas de visitantes, leváronme a unha sala do primeiro andar. A muller que me acompañou pedíume que sentase. O que non sabía ela é que xa o fixera. Á xente cústalle caro distinguir cando estamos sentados e cando non. Pola dobra das patas, imaxino.

Decontado, apareceu o home que falara comigo por teléfono. Souben que era el porque recordaba perfectamente a voz. Un detective

tense que fixar neses detalles. Saudoume moi educado.

–Moitas grazas por vir –dixo mentres me conducía a un despacho.

Alí acabou de darme os datos que non me quixera dar por teléfono. Explicoume que o asunto se detectara por primeira vez en Brisbane, unha cidade costeira do leste de Australia; que nos hospitais empezaran a ingresar nenos e máis nenos debido aos trastornos que estaban sufrindo por causa desa falta de durmir con xeito; que uns días despois, o mal xa se estendera ás cidades e vilas próximas, e que un par de semanas máis tarde afectaba a lugares que estaban a máis de seiscentos quilómetros de Brisbane. Resumindo, que aquilo levaba camiño de ser un andazo como non se vira outro ningún. Explicou tamén que en Australia lles lían contos aos nenos, como en todo o mundo, pero que, alí a onde chegara a doenza, estaban sendo diferentes cada día.

–É dicir –puntualizou–, non é que cada día se lles lea un conto distinto, senón que un mesmo conto non é igual dous días seguidos. Pode figurarse a carraxe que collen cando ven que nunca pasa o mesmo. Por iso non llelos podemos contar.

–Saben o motivo? –preguntei.

–Non. Iso é o que esperamos que descubra. Algo moi raro ten que suceder para que os contos varíen dun día para outro.

Ante tales explicacións, a miña seguinte pregunta caía de caixón, e era por que procuraban a solución nun lugar tan afastado de Australia.

–Non o entende? –preguntou–. Hoxe é un problema de Australia, pero mañá serao de todo o mundo. Se Australia non fose tan extensa e tiuese, poñamos por caso, o tamaño de Irlanda, figúrese por onde andaría xa esta epidemia.

–E como sabe que sairá de Australia? –pregunteille.

–Porque hoxe recibimos o aviso de que está afectada Tasmania –respondeu.

Fixen o cálculo e decateime de que se o mal chegara á illa de Tasmania era que levaba percorridos máis de mil cincocentos quilómetros e que o mar non conseguira frealo. Non era cousa de rir.

Tras estar falando unha hora co home, só me quedaba unha última pregunta por facerlle:

–Por que recorren a min e non a calquera outro detective?

–Vostede é australiano. E é un canguro. Quen mellor para investigar este suceso?

Dubidei medio segundo antes de aceptar, mais esa resposta acabou de convencerme.

● O RESTO DO DÍA

O RESTO DO DÍA fôiseme no despacho, pasando a limpo as notas do meu caderno e mais escribindo ideas que vía interesantes. Moitos datos que me dera o home da embaixada parecían proveitosos. Cumpría ordenalos; ordenalos e buscarlles unha explicación, que diso se trataba. Nunca tal cousa se vira en Australia nin en ningunha parte do mundo.

Como sería iso de que un conto nunca fose igual? Non o podía imaxinar. Nin eu nin a miña axudanta. Empecei a escribir os títulos dos que recordabamos e, cando me decatei, levaba cinco páxinas. Sorprendeume coñecer tantos. Pero por máis voltas que lles dei na cabeza, non conseguín velos con argumentos diferentes. Pregunteime quen estaría detrás de todo aquilo e por que o facía. Ou non había ninguén e sucedía por algunha razón inexplicable? Non tiñamos nin unha hipótese. Nada. Nin a máis mínima idea.

—Coido que este caso vai ser o máis arrevesado de todos cantos nos encargaron —dixo a miña axudanta (as carrachas non poden falar máis alto: son diminutas).

A iso das oito, unha chamada telefónica sacoume dos meus pensamentos. Era, outra vez, da Embaixada de Australia, para avisarme de que, ao outro día, recibiría por correo un billete de avión ao meu nome con destino á cidade de Brisbane.

Cando colguei, sentínome orgulloso. Á fin e ao cabo, non levaba tantos anos de profesión e estaba-me confiando un caso importantísimo nada máis e nada menos que o Goberno de Australia. Iso era porque resolvera casos que calquera que non fose tan teimudo daría por perdidos. A miña sona no apaixonante mundo da investigación chegara ben lonxe. O detective Etelvino Chouteiro, dos Chouteiro da Chaira de Nullarbor, traballando nun caso para o Goberno de Australia. Qué ledicia e qué gran responsabilidade.